

MARÍA VICTORIA MORENO

PAISAXES e PERSONAXES



DAVID PIÑEIRO

Letras Galegas 2018



XUNTA
DE GALICIA

galicia
o bo camiño

Unha vida entre palabras (1939-1965)



Valencia de Alcántara

MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ NACEU EN VALENCIA DE ALCÁNTARA, CÁCERES, O 1 DE MAIO DE 1939, NO SEU DUNHA FAMILIA DE PAI MILITAR E NAI MESTRA. TIVO TRES IRMÁNS MÁIS NOVOS: SARA, ANTONIO E RAFAEL. POR MOR DOS DESTINOS LABORAIS DE SEUS PAÍS, PASOU A INFERNCIA EN VARIAS LOCALIDADES ESTREMEÑAS E CASTELÁS (BADAXOZ, SEGOVIA E SEPÚLVEDA) E FICOU ORFA DE PAI EN 1949.



Ferrol

COÑECEU GALICIA EN 1947, CANDO VEU COA SÚA IRMÁ SARA SARA PASAR UNHAS VACACIÓNS XUNTO A UNHA TÍA MATERNA (CONCHITA) QUE VIVÍA EN FERROL. NAMOROU DA PRAIA DE VALDOVIÑO E VIVIU CON LEDÍCIA O MUNDO DO NOSO RURAL E AS SÚAS XENTES, O QUE CREOU UN VENCELLO EMOCIONAL QUE DURARÁ SEMPRE.



Barcelona

EN 1951 MARCHOU ESTUDAR A BARCELONA, AO COLEGIO VIRGEN DE LA INMACULADA. BOA ALUMNA, APRENDEU CATALÁN, PERFECCIONOU O FRANCÉS E AFONDOU NAS SÚAS LECTURAS DE FORMACIÓN, SOBRE TODO NO QUIXOTE, QUE A FASCINOU.

Madrid



REMATADO O BACHARELATO TRASLADÓUSE A MADRID EN 1958, ONDE FUI CURSAR FILOLOXÍA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE. SEGUIU DESTACANDO COMO ESTUDANTE E COÑECEU NAS AULAS A JOSÉ LUIS LLÁZER, UN INVIVENTE CO QUE COMPARTÍA INTERESES INTELLECTUAIS E CULTURALS CO QUE INICIÓ UNHA RELACIÓN. POR MEIO DEL, ENTROU EN CONTACTO CO LABOR DA ONCE, COA QUE COMEZOU A COLABORAR E PARA A QUE TRADUCIU TEXTOS.



Pontevedra

EN 1963, LICENCIADA BRILLANTEMENTE, CASOU CON JOSÉ LUIS LLÁZER E FORON VIVIR A PONTEVEDRA, ONDE O MARIDO FOI DESTINADO COMO PROFESOR DO COLEGIO SANTIAGO APOSTOL DA ONCE. ALÍ COMEZOU A DAR CLASES DE LATÍN E FRANCÉS COMO INTERINA DO INSTITUTO FEMININO DA CIDADE, E, AO TEMPO, PREPAROU OPOSICIÓNS AO CAPO DE PROFESORES DE ENSINO MEIO, QUE AFROBOU EN 1965.

DEPOSITO LEGAL: C 606-2018



OPREMIÓ FACHO 1975



Unha vida entre palabras (1965-1973)



Lugo

O SEU PRIMEIRO DESTINO COMO FUNCIONARIA DOCENTE FOI O INSTITUTO DE LUGO. ALÍ CONVEU A XESÚS ALONSO MONTERO, QUE A INTRODUCIU NA CULTURA E NA LITERATURA GALEGAS E A FIXO CONSCIENTE DA PROBLEMATICA LINGÜÍSTICA DE GALICIA.


FOI ENTÓN CANDO PRINCIPOU A AFONDAR NA APRENDIZAXE DO GALEGO, E A IMPLICARSE NA CULTURA E NA REALIDADE DO PAÍS. COMEZOU A ESCRIBIR OS PRIMEIROS TEXTOS EN CASTELÁN, PERO AXIÑA ADOPTOU O GALEGO COMO IDIOMA PARA AS SUAS CREAÇÕES.



Pontevedra

EN 1967 REGRESOU A PONTEVEDRA COMO PROFESORA ADEGADA DO INSTITUTO FEMININO, ONDE YA ESTIVERA UNS ANOS ANTES COMO INTERINA. A PARTIR DESE MOMENTO MULTIPLICOU A SÚA PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE GALEGO, CONFERENCIAS E XORNADAS A PROL DA NOSA LINGUA E DA NOSA LITERATURA.

ESTA PEDICACIÓN FÍXOSE AÍND A MAIOR TRAS CONCURSAR NOS JOGOS FLORAIS MINHO-GALAIÇOS, AOS QUE PRESENTOU EN DECEMBRO DE 1971 DUS RELATOS, UN EN CASTELÁN E OUTRO EN GALEGO - "A GAIOLA", ESTE ÚLTIMO O SEU PREFERIDO, AÍND A QUE FOI GALARDDADA CO PRIMEIRO.



Mar adiante

É NESTES ANOS CANDO COMEZA A AFIRMARSE A SÚA CARREIRA COMO ESCRITORA. ASÍ, EN 1972 PARTICIPOU NO CONCURSO DE CONTOS INFANTIS DA AGRUPACIÓN CULTURAL O FACHO, NO QUE ATIMIXIU O SEGUNDO PREMIO CO SEU RELATO "CRARISCA E O LUCEIRO".

ESTA HISTORIA INCORPOROUNA AO DVD CO AO QUE FOI O SEU PRIMEIRO LIBRO, "MAR ADIANTE" (1973), UNHA OBRA QUE TIVO UNHA BOA ACOLLIDA E QUE CREOU UNHA ESCOLA ALTERNATIVA, AÍND A POLA RENOVACIÓN PEDAGÓXICA, NUN ESPAZO SINGULAR: O BARCO ARROÁS.

DESDE ESTE INSTANTE, YA NON DEIXOU DE TRABALLAR A PROL DO GALEGO E DA SÚA LITERATURA E RESPONSABILIZOUSE DA ESCOLMA E DA EDICIÓN DA ANTOLOXIA BILÍNGÜE GALEGO-CASTELÁN "OS NOVÍSIMOS DA PRESIA GALEGA" (1973).



Ourense

POA ESE MESMO TEMPO, A SÚA IMPLICACIÓN NA CAUSA GALEGUÍSTA LEVOUNA A IMPARTIR UN CURSO NO ATENEO DE OURENSE.

O FEITO DE QUE NA DIRECTIVA DESTA INSTITUCIÓN TIVERAN FORTE PRESENZA VARIOS COMUNISTAS E QUE NO CURSO AFONDARA NA CULTURA EXPRESADA EN GALEGO FOI ABOADO PARA QUE AS AUTORIDADES LLE KETIKARAN O PASAPORTE, CO QUE SE LLE NEGABA A LIBRE CIRCULACIÓN COMO CIUDADÁ.



Democracia

DESEXABA TER FILLOS E, EN 1973, ADOPTOU A BEGOÑA E A CARLOS.

SENTE ENTREGADA AO TRABALLO PULO PAÍS E Á MELLORA DA SOCIEDADE QUE LLE TOCOU VIVIR. COA CHEGADA DA DEMOCRACIA, PARTICIPOU CON GRANDE ASIDUIDADE EN ACTIVIDADES SOCIOPOLÍTICAS E CULTURAS GALEGAS E PRESENTOUSE COMO INDEPENDENTE NAS LISTAS DO PSG AO CONCELLO DE PONTEVEDRA, CO QUE REDOUBROU OS ESPORZOS NO DITADO DE CONFERENCIAS E CURSOS.



3º LUGAR NO PREMIO BAR CO DE VAPOR 1986



LISTA DE HONRA LIBBY 1990



Unha vida entre palabras (1973 - 2005)



Comprometida

NA DÉCADA DOS OITENTA FÍXOSE AMIGA DE XAVIER SENIA, PROFESOR COMPROMETIDO COA CULTURA GALEGA QUE A ANIMOU A PERSEVERAR NAS ACTIVIDADES GALEGUISTAS E, SOBRE TODO, A CONTINUAR ESCRIBINDO, POIS RECOÑECÍA NELA UNHA GRAN VALÍA COMO AUTORA E TRADIDORA, XA QUE ERAN MOITAS AS LINGUAS QUE COÑECÍA.



Os golpes da vida

EN 1996 MORREU O SEU HOME E, AO ANO SEGUINTE, DIAGNOSTICÁRONLLE UN CANCRO DE MAMA. PORÉN, SOBREPÚXOSE A ESTES DUKOS GOLPES E CONTINUOU CON ENTEIWEZA A VIDA DOCENTE, ATA QUE SE XUBILOU NO 2002.

POUCO MÁIS TARDE, NO 2004, PUBLICOU "DIARIO DA LUZ E DA SOMBRA", CRÓNICA AUTOBIOGRÁFICA NA QUE QUIXO COMPARTIR A SÚA LOITA CONTRA O TUMOR MALIGNO E DAR AZOS A OUTRAS MULLERES QUE PADECESEN A ENFERMI-DADE.



De novo o amor

TRAS ESTA DIFÍCIL ETAPA, A ALEGRÍA E O AMOR VOLVERON CHAMAR ÁS SÚAS PORTAS E, NO 2003, CASOU CO CUBANO PEDRO FERRIOL NUN ENLACE QUE TIVO UNHA PRIMEIRA CERIMONIA NA ILLA CARIBEÑA E OUTRA POSTERIOR EN PONTEVEDRA.

DESDE ESE MOMENTO XA NON SE SEPARARON ATA QUE A MORTE VEU LEVALA, O 22 DE NOVEMBRO DE 2005.

Os últimos libros

POUCO ANTES DO SEU PASAMENTO, ANIMADA POLO SEU MARIDO, RETOMOU O VELLO ORIGINAL QUE RESULTARA FINALISTA NO PREMIO CAFE GIGÓN E DEVLLE UNHA NOVA REDACCIÓN BAIXO O TÍTULO DE "DONDE EL AIRE NO ERA BRISA"; TEXTO QUE PRESENTOU AO II PREMIO DE NOVELA CORTA MANUEL DÍAZ LUIS CONVOCADO POLO CONCELLO SALMANTINO DE MONLEÓN.


RESULTOU GANADORA E A NARRACIÓN FOI PUBLKADA POSTUMAMENTE, PRIMEIRO EN CASTELÁN (2006) E DESPOIS EN GALEGO (2009).

TAMÉN PÓSTUMA FOI A RECOLLEITA DA SÚA PDESÍA INÉDITA NO VOLUME "ELEXÍAS DE LUZ" (2006).



Letras Galegas 2018

BOA DOCENTE, BOA ESCRITORA E BOA PERSOA, COMO TESTEMUNIAN AMIZADES E ALUMNADO, A SÚA TRAXECTORIA VIUSE RECOÑECIDA CON MOITAS DISTINCIONS NOS ÚLTIMOS ANOS. ASÍ, TRAS A SÚA MORTE, FOI OBECTO DE HOMENAXES, REEDICIÓNS OBRAS E POR DECISIÓN DO PLENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA, DEDICÁSELLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTE 2018 QUE CELEBRAMOS.




INCUBO NA LISTA WHITE RAVENS 2002



Anagnórise

“AS PERSOAS ESTAMOS FEITAS PARA LEVAR ADIANTE OS PROXECTOS MÁIS FERMOZOS. VIVIMOS ENCADEADOS AO ACONTECER DO UNIVERSO.”



“Ela conducía sen medo e o coche parecía ir só cara aos montes cox malva que pechaban o horizonte. Máis alá deles, preto da noite que se albiscaba no voar baixo dos ferreirinos, estaba a nosa meta.”



Ilustracións de
XAN LÓPEZ DOMÍNGUEZ

Nicolau

“Fui un túzaro. Quixen amolala no longo de toda a viaxe, falei mal das mulleres, moxime das súas razóns... E fun perdendo, xogada a xogada, ata que deixei a partida enteira nas súas mans.”

Un cachicho de vida?

“FAI COMO IVÁN: BUSCA O AMOR NOS OLLOS DOCES DUN CAN.”



“Pedílle café con leite
á camareira
e tróuxome unha cunca
chea de letras.”


Ilustracións de
DANI PADRÓN



“Dei co nariz no vaso
verteuse a auga,
voaron as estrelas
sobre as palabras.
E houbo unha festa
de luces, cans e nenos,
sedas e letras.”

A brétema

“ACHÉGATE Á FIESTRA... VERÁS A MINIA SENÍN CONVERTIDA EN MIL PINGUEIRAS LEMES.”



“Vilaxeada é unha aldeóna pequena, deitada na costeira da Peneda.”


Ilustracións de
JACOBO F. SERRANO



“Minia Senín,
a brétema,
ás veces ten antollos:
vai para Peneda
e demora moito
en baixar.”

O Cataventos

“NESTE MUNDO QUE CHE DIGO O MÁIS IMPORTANTE ERA VIVIR EN LIBERDADE.”



“Por riba dos tellados só se vían a torre da igrexa, o fume das chimeneas e mais as nubes, que ás veces pasaban voando cara ao norte, ás veces volvían - cansinas - cara ao sur e ás veces adormecían derriba da aldea.”

Ilustracións de
MARÍA FE QUESADA



Don Pío e a galiña
Pombapitiña

“Foron moitos os días
que don Pío pasou
matinando na
Pombapitiña
e nas súas ás.”

A festa no faiado

“XOGAR É INVENTAR UN MUNDO BONITO E VIVIR UN TEMPIÑO NEL.”



“Era un faiado dunha casa moi fermosa, isolada entre veigas de millo, cara ao mar.”

Ilustracións de
JACOBO MUÑIZ



Eu chámome
Uxia
e nací, xa non me
lembro cando, en
Portosouril.
Teño o pelo loiro,
os ollos azuis
e as meixelas
gordechas.

Quedellas de seda e liño

“ÁS VECES DOU EN PENSAR QUE ISTO É MELLOR CA UN SOÑO.”



“O pazo estendía a súa herdade por toda a vertente occidental, que en bancais de distinta cor e feitura, descendía suavemente ata o mar.”



Ilustracións de
NURIA DÍAZ

“A nena que trouxeron
as fadas, chamáronlle
Rato Chus.
Era moi leda, aprendía,
era moi bonita, xogaba,
era moi curiosa,
iluminaba a casa,
era un fervello.”

Leonardo e os fontaneiros

“A DIFERENZA ENTRE NÓS OS HOMES ESTÁ EN SERMOS BOS OU MALOS, EN SABER APREGIAR AS COUSAS DA VIDA OU EN INVENTAR CONTOS PARA FACERNOS SUPERIORES AOS DEMAIS.”



“Din que está moi leda estes días a Praza da Fonte e eu imaxínoa como noutras primaveras, chea de sol e de pombas, de nenos, de vellos, de nais, de cachos de bocata espallados polo chan...”


Ilustracións de
LUCÍA COBO



“Leonardo,
todo o mundo di que
toleas por min, que pareces
outro cando eu chego,
que que che dou...
Que che vou dar,
meu canción, se non é
o agarimo con que
ando a buscarte
sempre que me deixan.”

Mar adiante

“EU ESCRIBÍN ESTE LIBRO, PARA TI, QUE O TES NA MAN E VAS SER POR UN TEMPIÑO, MARINEIRO DO ARROÁS.”



“Os rapaces víron amarrado no peirao un barquiño pequerrucho e branco. Nas costas, con letrinas vermellas, dicía Arroás. Na brancieira, con letrinas azuis, dicía Escola.”

Ilustracións de
BEA LEMA



A tripulación do Arroás

“E eu, rapaces, en que teño navegado no Arroás, dígovos que os nenos de Portosouiril eran tan espelidos, tan traballadores, tan marineiros, que se amañarían moi ben sós no mar.”